



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O GRUPO DE ANÁLISE E DEBATE *MANUEL COLMEIRO* PARA O DESENVOLVEMENTO DAS V XORNADAS IBEROAMERICANAS DE FINANCIAMENTO LOCAL.

O director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e O Grupo de Análise e Debate *MANUEL COLMEIRO*, con CIF G70478433, formalizan o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ao Grupo de Análise e Debate *MANUEL COLMEIRO* para contribuír á realización das V Xornadas Iberoamericanas de Financiamento Local.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que este instrumento convencional se fundamenta en que existe interese público en realizar as ditas xornadas pola súa achega de coñecementos para a elaboración por parte desta consellería do marco regulador do financiamento autonómico e do marco regulador do Fondo de Cooperación Local.

A sinatura deste convenio só se pode realizar co Grupo de Análise e Debate *MANUEL COLMEIRO* por ser a entidade que organiza e realiza as xornadas nas que participan,



xunto con outros investigadores, difundindo a súas investigacións os seus membros que son profesores e investigadores universitarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e que estes non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado